

1884 - 2004



ANOS 1884 a 1935:

A súa orixe está vinculada á flota de pescadores da zona. Época de comercio coa salazón.



ANOS 1935 a 1965:

Tenda de ultramarinos e abarrotes, hospedaxe, casa de comidas.



ANOS 1965 a 1981:

Co boom turístico e o veraneo nace o Hostal-Restaurante "La Vizcaina". A casa do marisco vivo.



ANOS 1981 a 1996:

Cambio de nome por "A Centoleira". Restauración, e banquetes.

ANOS 1996 a 2004:

Restaurante Centenario "A Centoleira". Dirixido actualmente pola 3ª e 4ª xeracións.



12.
ANIVERSARIO
1884 2004

A CENTOLEIRA

RESTAURANTE CENTENARIO. PRAIA DE BELUSO 27. BUEU. TLF. 986 323481. www.acentoleira.com

Ilustracións de I. Davila para este 120 aniversario (c.2004)

FESTAS DA PRAIA DE BELUSO

En honra a Virxe Milagrosa e a Virxe do Carmen

31 de xullo e 1 de agosto
de 2004



**RESTAURANTE
CONFITERÍA**



RESTAURANTE

La parada

- VARIEDAD EN MARISCOS
- COCINA SELECTA
- PARRILLADA DE CARNES
- HABITACIONES

COMBARRO - POIO (Pontevedra)
Teléfs. 986 77 01 41 - 986 77 02 25

*La nueva
parada*

- SALONES PARA BODAS
Y BANQUETES
- MARISQUERÍA
- COCINA GALLEGA

COMBARRO - POIO (Pontevedra)
Teléfs. 986 77 09 95 - 986 77 10 26

Bar BENI

EDUARDO VICENTE, 30

CAFETERÍA

BLUE-LAKE

RAMAL DOS GALOS, 15

Pub Nitro

RAMAL DOS GALOS, 17

Saúdo da Comisión

Por segundo ano consecutivo, voltamos a facer unha Festa na Praia de Beluso.

Despois de varios anos sen facela, agora levamos dous seguidos, e esperamos que sexan moitos máis.

Pola nosa parte, queremos agradecerlle a todo o pobo de Beluso e a tódolos de fóra de Beluso que por unha razón ou outra axudaron a facer esta Festa, xa que sen eles sería case imposible levar a cabo unha Festa de este calibre.

Co traballo de todos e coa resposta que estamos tendo de toda a xente esperamos que esta Festa continúe celebrándose moitos anos máis.

Así mesmo queremos mandarlle un saúdo a todos aqueles que por unha razón ou outra non poderán estar con nós para celebrala.

Sabendo que na Praia de Beluso reúnese moita xente durante o verán, para eles tamén vai dirixido este saúdo xa que tamén poñen o seu gran de area para levar a cabo este acontecemento.

En definitiva para todo o mundo en xeral. Moitas grazas e Felices Festas.

Vivir na Praia de Beluso

UNHA HISTORIA ARREDOR DA PESCA

Cando as pesetas eran de prata había moedas dunha peseta e de dúas pesetas. Os dez céntimos, de cobre. Tamén había reales de vintecinco céntimos e de cincuenta céntimos. Así nesta moeda pagábase ós mariñeiros que nas súas traiñas vendían ás salazóns da Praia de Beluso e arredores. Nesta zona había dez ou doce salazóns contando coas de Mourisca e Ancoradouro hacia o ano 1850 aproximadamente. Nestas datas e ata os anos 1915 e 1920 este porto de Beluso estaba colonizado polos cataláns, expertos en salazóns, que atraídos pola boa sardiña, fixeron da maioría das casas nos seus baixos auténticas factorías de peixe salgado, para exportar a Cataluña, onde tiñan mercado. Un dos pioneiros e máis importantes conserveiros de Galicia e toda España foi Massó, que tamén escomenzaría pola salazón, establecéndose primeiro nesta zona hacia o ano 1816 con factorías en Mourisca e na Roiba, máis tarde en Cangas coa primeira fábrica conserveira e despois en Bueu, con forte presenza na historia desta vila ata hai uns trinta anos. Tamén explotaron un secadeiro de polbo na illa de Ons para poder exportalo hacia outros portos do Mediterráneo.

Ás salazóns de xouba seguíronlle, a tamén salazón de abadexo que pescaban os mariñeiros de Beluso de vinte kilos a peza, baixando a unha media de dez kilos ó fallar algo a súa abundancia.

Ós comerciantes-empresarios foron vendendo as súas casas por deixar de ser rentable o negocio da salazón, acaparando a familia Massó case todo o mercado. Incluso A Roiba despois de ser salazón dos Massós, foi vendida con

unha cláusula de non exercer nunca tal actividade para non facerse competencia. Así Massó controlaría todo o mercado da zona surtindo ós cataláns que tiveron que retornar, e os franceses, tamén boa clientela.

O sal, traíano en balandros a vela, e unha vez barados na praia, dispoñíanse uns tablóns para descargar. As mulleres encargábanse do transporte en “muñicos”, cestas de bimbio, vestidas coas súas toquillas e faldas largas. Éstas cobraban o seu traballo en especies, ou sexa o propio sal para logo ter arreglo para todo o ano. Con unha ou dúas fanegas, salaban o seu porco, e o seu peixe para ter alimento ata ben entrada a primavera seguinte. Así pois era rico o que tiña porco e peixe salgado na súa casa.

Moitas das casa que albergaban salazóns foron convertíndose en escolas, cetáreas, asteleiros ou carpinterías de ribeira, outras aínda seguen sen uso concreto, e moitas delas reformadas para vivendas segundo as comodidades e deseño actuais. Hai varias que se convertiron en negocios, bares, almacéns, etc. No caso de “A Centoleira”, hoxe en día coñecido restaurante e antiga “Vizcaína”, aséntase nos terreos que foron comprados a finais do século XIX a un tal Sr. Agustín Plá y Avalor, sendo o local coñecido como “encascador y atadero de redes” incluíndo na escritura de compra-venta unha “Estacada o Secadero de Aparejos con sus pilastras de granito a orillas del mar”. Naqueles anos o precio foi de catro mil cincocentas cincuenta pesetas gran parte delas pagadas en moedas de prata.

(Florentina Estévez Lorenzo. Propietaria de A Centoleira, Restaurante Centenario)

Biografía dun Carpinteiro de Ribeira

Naceu o 26 de Novembro de 1918. De neno foi mariñeiro e ós 26 anos aprendeu na de Porro para logo instalarse na Praia de Beluso.

¿De quen aprendeu este oficio? Aprendín na de Porro.

¿Foi á escola? Non había.

¿Aprendeu de outro? Non.

¿Viña de familia? Non.

¿Por qué se adicou á Carpintería de Riveira? Porque me gustaba. Hábíame mal tempo e non se iba ó mar, cabreeime e fun onde Porro a pedirlle traballo. Gañaba 10 pesetas diarias.

¿Qué tipo de embarcacións se encargaban mais e para que artes de pesca? Cando empecei non había moito traballo. Nas décadas dos 40 e 50 fixen lanchas xeiteiras, botes polbeiros, barcos para a ardora...

Nas dos 60 e 70 na Praia de Beluso o primeiro barco que fixen foi "Dos Cuñados", barco de pasaxe que iba de Bueu á Illa de Ons. Despois foi o "Azor" que facía a mesma función. Despois fixen 2 de pesca para Raxó. Despois deses fixen xa varios tamén de pesca para Bueu, Marín, Cangas, Aldán...

¿Qué materiais se utilizaban? Os barcos facíanse de carballo e pino.

¿Ónde se conseguían? Comprábanse no monte despois de mirala e selecciona-la mellor.

Proceso de construción dunha embarcación.

Plantillas: Primeiro facía a maqueta. Pola maqueta facía o barco.

Partes: Quilla, pinchon, roda, cuadernas, cintas baous, tapas, baucos.

¿Cómo se unían as pezas? Uníanse con cravos galvanizados de distinto tamaño, dependendo da zona que fose.

Mantemento dunha embarcación ó longo dos anos. Traballos mais correntes. O alcatrán era o mellor naquel tempo, tamén o aceite de liñaza. Por fora minio e despois pintura na obra morta e da liña de flotación. Para baixo patente.

O mais corrente é o galfateado e o carenado e despois, dependendo de cada caso o que me fixera falta.

¿En qué estaleiros desembolveu a súa actividade? Na de Porro 2 anos. Despois marchei para a Playa de Beluso traballando con Román, un compañeiro da mesma profesión, pola nosa conta. Estivemos un ano e despois seguí só no mesmo sitio.

¿En qué sitios ou talleres se instalou na Praia de Beluso? Primeiro en Roiba e despois na de Ferradás o muelle de Ranqueta, pasei ó do Pitorro e Rebaleira.

Inventario de embarcacións, número e tipo que puido construír ó longo dos anos. 30 dornas, 25 ou 30 de pesca, 1 iate, 100 ou mais gamelas, un infinito de maquetas como por exemplo dornas, gamelas, barcos de pesca... E un un pouco especial como é o "Juan Sebastian Elcano" que en este momento está na propiedade de S.A.R. o príncipe Felipe.

